

# O novo sistema de cotización para autónomos que aplica nas entidades de economía social



O 1 de xaneiro de 2023 entrará en vigor o Real Decreto – lei 13/2022, polo que se establece un novo sistema de cotización para as persoas traballadoras autónomas.

## É importante ter en conta os seguintes aspectos:

Establecense unhas táboas de cotización con 15 tramos en función dos rendementos netos que se obteñan durante os exercicios 2023, 2024 e 2025. Será necesario informar á seguridade social dos rendementos netos ao comezar o ano para fixar a base de cotización e poderase cambiar ata seis veces ao ano.

A base do tramo irase reducindo nas seguintes anualidades.

### Por exemplo,

no referente ao pago da base mínima, en 2023, as persoas cun rendimento neto inferior ou igual 670 € pagarán 751,63 € ao mes. En 2024 pagarán 735,29 € e en 2025 a cota será de 653,59 €.

## Outros aspectos relevantes son os seguintes:

- 1** **Aumento da cota reducida a 80,00 € mensuais** durante 12 meses para a alta inicial no RETA ou nos casos nos que a persoa autónoma non estivera de alta nos dous anos anteriores para os efectos da alta.
- 2** **Aplicaranse novas bonificacións e reducións na cota ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos.** Por exemplo, por conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación, durante o descanso por nacemento, adopción, risco durante o embarazo, en supostos de coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave etc.
- 3** **Inclúense dous novos supostos para acceder ao cesamento de actividade.** A reforma permite acceder á protección da Seguridade Social no caso de cesamento parcial e cando se reduza a xornada laboral da totalidade do persoal da empresa ou se produza unha suspensión temporal dos contratos de traballo. Tamén será posible no caso de que teña lugar unha redución do nivel de ingresos durante dous trimestres consecutivos.



\*A información que contén esta infografía debe completarse cos artigos correspondentes do Real Decreto – lei 13/2022, polo que se establece un novo sistema de cotización para as persoas traballadoras autónomas.